

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

CONTINUÁ A I SEMANA DE POESÍA SALVAXE

Versos sublevados: obxectivo cumprido

'A palabra encarnada' cruza o seu ecuador á espera das dúas citas máis agardadas: o recital de Carlos Oroza e a jam session final.

Redacción - 12:45 18/04/2008

A [I Semana de Poesía Salvaxe](#), organizada polo [Concello de Ferrol](#), comezou a cumprir os seus obxectivos dende o primeiro recital, que tivo lugar nos Cantóns. Os versos de Guillermo Ferrández & Karlotty chegaron aos oídos do medio cento de persoas que expresamente se xuntaran alí, mais tamén aos de moitos outros: os nenos que xogaban no parque, os vellos que paseaban e ollaban pampos aos dous poetas megáfono en man, e os ionquis sentados nos bancos que respondían con berros as palabras dos oradores. Nese primeiro recital os altofalantes fixeron resoar os versos contra as paredes da Fundación Caixa Galicia; versos sublevados, obxectivo cumprido.

Algo semellante no segundo espectáculo, o de María Lado e Lucía Aldao, que encheron o Pub Cazadores ante un público entusiasta e entregado. E tamén no terceiro, na procesión poética que encabezou Víctor Díez pola rúa Real (unha das máis importantes vías comerciais da cidade) até a praza de Amboaxe. Megáfono en man, igualmente, Víctor Díez realizou o percorrido devagar, entrando nas tendas e comercios, chamando aos porteiros automáticos das casas, parando diante de entidades financeiras e militares, e increpando a banca e exército e demais forzas vivas da cidade.

Aínda os dous pratos fortes: Oroza e Jam Session

Marcos Lorenzo, organizador da Semana de Poesía Salvaxe, destaca que "todos os poetas que participan nesta festa son forzas da natureza, o que fai que enganchen á xente con facilidade". Entre o que queda por diante haberá que estar atento á capacidade de interacción e forza expresiva de O Leo e Estevo Creus, que venres e sábado ao mediodía ofrecerán os seus espectáculos nos mercados da Praza de España e da Madalena.

E por suposto, os dous pratos fortes da semana: a presentación en exclusiva mundial do novo poemario de Carlos Oroza, o venres pola noite, a partir das nove da noite na Biblioteca Central de Ferrol, e a Jam Session do sábado á noite na Capela do Centro Torrente Ballester. Para ambas as dúas citas espérase unha afluencia masiva de xente, e moi probábel que os espazos fiquen pequenos ante a espectáculo xerada. Carlos Oroza é unha lenda viva da poesía, integrante da xeración beat e recoñecido internacionalmente, e a jam sesión permitirá ver en directo á meirande parte dos poetas participantes, nun espectáculo que

combinará palabra e música.

O que queda da semana

Venres 18

12.30. O Leo (Mercado da Praza de España)

21.00. Carlos Oroza; Presentación mundial do seu novo espectáculo poético: *Donde la noche da la mano al día* (Biblioteca Central de Ferrol)

Sábado 19

12.30. Estevo Creus (Mercado da Magdalena)

19.00. Jam Session poética, conducida por Manuel Cortés (Capela do Centro Torrente Ballester).